

**SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 14 DE XUÑO DE 2023.**

Dá comezo a xuntanza ás 10:00 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Marco Eugenio Vázquez Sentís, José Manuel Cifuentes Martínez, Carolina López Gómez, Ángel García Alonso, Agustín Montes Martínez, José Ángel Fernández Escribano, Margarita Estevez Sáa, Ana María Porto Castro, Julia Rey Brandariz

Desculpán asistencia: Juan Monterroso Montero, Isabel Fraga Carou.

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
 2. Informe do equipo directivo da EDIUS
 3. Informe de viabilidade das modificacións memorias dos programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2024/25,
 4. Asuntos de trámite
 5. Rogos e Preguntas
- 1. Aprobación, se procede, da acta anterior**
Acta da Comisión do día 13/02/2023.
- 2. Informe do equipo directivo da EDIUS**

- A EDIUS recibiu o informe Fides-Audit do sistema de garantía de calidad da Escola. Paso previo para poder proceder co proceso de acreditación da escola. Faltaría a publicación do protocolo de actuación e procedementos por parte da Xunta de Galicia
- Ao longo do mes de maio os coordinadores dos programas de doutoramento recibiron varios correos electrónicos da área de calidad da USC sobre a necesidade de realizar o informe de seguimiento dos programas neste curso académico. Somos conscientes de que o fluxo de información e a información recibida non foi o más adecuado. Neses correos non quedaba claro que programas debían entregar o informe de seguimiento este curso 2022/23 e tampouco estaba claro como debían facelo. A primeira data límite indicada para a entrega era o 30 de maio pero dita data ampliouse ao 30 de xuño e en caso de non ser posible e incluso ao 31 de xullo, con posibilidade de entregalo o 15 de setembro no caso de programas interuniversitarios que teñan problemas para obter datos das outras universidades. Informar que todo o proceso de seguimiento dos programas de doutoramento lévao a área de calidad da USC, son os responsables, e é a eles a quen se lle debe dirixir as dúbihadas e consultas respecto diso. O requerimento de realizar este informe vén por parte da ACSUG.

- Coa entrada en vigor do novo RD será necesario unha adaptación da normativa dos estudos de doutoramento na USC, polo que se abre un período de recepción de ideas e suxestións. Enviarase un correo electrónico informando, coa ligazón ao borrador do novo RD, e canalizásense as ideas-suxestións a través dos subdirectores das áreas.
- O proceso de acreditación dos programas de doutoramento está finalizado.
- O proceso de modificación das memorias a implantar no curso 2023/24 está finalizado con informe favorable de todos os programas que o solicitaron:
 - Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
 - Ciencias Odontoloxicas
 - Comunicación e Información Contemporánea
 - Economía e Empresa
 - Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
 - Neurociencia e Psicoloxía Clínica
 - Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

3. INFORME DAS ALEGACIÓNNS E PLAN DE MELLORA AO INFORME PROVISIONAL DA ACSUG PARA A ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO EN:

Entre os programas de doutoramento que solicitaron a modificación da súa memoria de verificación desistiron os seguintes:

- Avances en Biología Microbiana e Parasitaria
- Estudos Culturais
- Estudos Ingleses avanzados
- Filosofía
- Xestión Sustentable da Terra e do Territorio (o programa solicitou a súa extinción)

Recomendación comúns a todos os PDs:

- Incluír en criterios de admisión/baremo:

Adequación do proxecto de investigación incluído no proceso de admisión á liña do programa.
- No Apartado 8.2, revisar a redacción do perfil de egreso e as saídas profesionais do PD de cara a captación de novos doutorando e publicación como información na web no PD.
- Débese revisar requisitos de calidade da tese diferenciándoos do seguimento dos doutorandos.

PD CIENCIA DE MATERIAIS

Informe favorable condicionado

- **Requisitos de acceso e criterios de admisión**

- Pertinencia de aclarar a acreditación do requisito de acceso específico de estar en posesión dun nivel de B1 en inglés (px 12), en concreto

"En caso de no disponer de dicha certificación en el momento de la matrícula se deberá demostrar su adquisición antes de transcurrir 24 meses de dedicación desde el inicio de los estudios de doctorado o mediante una entrevista personal con un tribunal nombrado por la CAPD trascurrido ese tiempo y que evalúe tal capacidad".

- Se é requisito de acceso, a súa acreditación debe ser previa á matrícula.

- **Normativa para a presentación e lectura de teses doutorais - Requisitos de calidad/específicos**

- Na memoria falta incluír a acción de mellora “Unha contribución a Congreso Internacional” que si aparece reflectida tanto no informe como no resumo de cambios:

"1 contribución científica en T1 do JCR ou patente en explotación + 1 contribución a congreso internacional.

- No se corresponde o carácter optativo das seguinte actividades formativas tendo en conta que son requisitos de calidad (e por tanto, obligatorios):

ACTIVIDAD 5: Presentación de comunicaciones en congresos científicos

Nº DE HORAS: 25

- **CARÁCTER:**

OBL/OPT: Optativa

ACTIVIDAD 6: "Redacción" Contribuciones científicas

Nº DE HORAS: 100

- **CARÁCTER:**

OBL/OPT: Optativa

PD EDUCACIÓN

Informe favorable condicionado

- **Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)**
 - Suprimir como alternativa ao informe de viabilidade unha declaración de interese por parte do candidato.
- **Actividades formativas (Apartado 4)**
 - Deberán describirse cos cadros correspondentes as actividades de carácter obligatorio indicadas na memoria.
- **Sistema de garantía de calidad e estimación valores cuantitativos (Apartado 8.1)**
 - Están sen cubrir as taxas de graduación e abandono.
- **Seguimento Egresados (Apartado 8.2)**
 - Falta por cubrir o perfil de egreso e as saídas profesionais do PD
- **Datos resultados ult. 5 anos (Apartado 8.3)**
 - Falta por cubrir as taxas (obrigatorio)
 - Non están cubertas as táboas
 - Faltan as contribucións científicas dos egresados
 - Falta a empregabilidade nos tres anos posteriores ao egreso
 - Falta a mobilidade de estudiantes

PD ENXEÑARÍA RURAL E CIVIL

Informe favorable condicionado

- **Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)**
 - Redefinir o baremo establecido de criterios xa que se pondera cada apartado cun intervalo porcentual que na suma das súas marxes máximas supera o 100%.
 - Na documentación substituír a carta de aceptación dun titor polo informe de viabilidade dun profesor.

- **Recursos humanos (Apartado 6)**

- Valorar unha posible redución do número de liñas de investigación tendo en conta que o número de prazas ofertadas iguala o número de liñas ofrecidas (10), o que pode supor unha merma do número de doutorandos/as por liña.

- **Seguimento Egresados (Apartado 8.2)**

- Falta por cubrir o perfil de egreso e as saídas profesionais do PD

- **Anexo**

- Na descripción das liñas parece máis unha subdivisión ca unha descripción da propia liña.

PD EPIDEMIOLOXÍA

Informe favorable condicionado

- **Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)**

- Redefinir o baremo establecido de criterios xa que se pondera cada apartado cun intervalo porcentual que na suma das súas marxes máximas supera o 100%.

- **Datos resultados ult. 5 anos (Apartado 8.3)**

- Revisar apartado 8.3 porque faltan datos e táboas
- Faltan teses defendidas e contribucións (parte de las están no Anexo) é necesario datos totais

PD ESTUDOS DA LITERATURA E DA CULTURA

Informe favorable condicionado

1. Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)

- 1.1. Perfil de ingreso: cambiar a denominación do primeiro punto pola proposta no modelo de memoria, que non fai referencia a que o informe de viabilidade do profesor implique a postulación deste como director ou titor da tese.
- 1.2. Perfil de ingreso: revisar a viabilidade na limitación dunha porcentaxe de alumnos a tempo parcial.
- 1.3. Perfil de ingreso: recoméndase eliminar a referencia ao correo electrónico persoal da actual coordinadora.

PD FÍSICA NUCLEAR E DE PARTÍCULAS

Informe favorable

HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

Informe favorable

PD INVESTIGACIÓN AGRARIA E FORESTAL

Informe favorable condicionado

2. Sistema de garantía de calidad e estimación valores cuantitativos (Apartado 8.1)

2.1. Están sen cubrir as taxas de graduación e abandono.

3. Seguimiento Egresados (Apartado 8.2)

3.1. Revisar o perfil de egreso e as saídas profesionais do PD.

4. Datos resultados ult. 5 años (Apartado 8.3)

4.1. Falta por cubrir as taxas

4.2. Faltan as contribucións científicas dos egresados

4.3. Falta a empregabilidade nos tres anos posteriores ao egreso

5. Anexo

Faltan por presentar os Anexos da memoria.

PD INVESTIGACIÓN CLÍNICA EN MEDICINA

Informe favorable condicionado

2. Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)

2.1. Criterio de admisión: suprimir a referencia ao informe dun titor, xa que nese momento a persoa candidata non ten asignado titor. Debe ser un informe dun profesor do PD.

2.2. Na documentación suprimir a necesidade de presentar un compromiso de aceptación por parte dun titor e un posible director de tese. Debe ser un informe dun profesor do PD.

6. Sistema de garantía de calidad e estimación valores cuantitativos (Apartado 8.1)

6.1. Están sen cubrir as taxas de graduación e abandono.

7. Datos resultados ult. 5 anos (Apartado 8.3)

- 7.1. Falta por cubrir as taxas
- 7.2. Non están cubertas as táboas
- 7.3. Faltan as contribucións científicas dos egresados

8. Anexos

8.1. Faltan os Anexos

PD INVESTIGACIÓN EN TECNOLOGÍAS DA INFORMACIÓN

Informe favorable

PD LINGÜÍSTICA

Informe favorable condicionado

3. Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)

- 3.1. Modificar o requisito de acceso relativo a que o Informe de viabilidade implique o compromiso de titorización.
- 3.2. En doc a entregar eliminar o compromiso de titorización

9. Seguimiento Egresados (Apartado 8.2)

- 9.1. Falta por indicar o perfil de egreso e as saídas profesionais como información a publicar na web do PD. A información contida neste punto deberá reflexarse no apartado 8.2

PD MARKETING POLÍTICO

Informe favorable condicionado

4. Requisitos de acceso e criterios de admisión (Apartado 3.2)

- 4.1. Recoméndase suprimir a referencia á aceptación de tódalas solicitudes se son inferiores ás prazas.
- 4.2. Recoméndase non fixar como criterio de admisión preferente ter cursado estudos previos na USC.

10. Seguimento Egresado (Apartado 8.2)

10.1. Falta por cubrir o perfil de egreso e as saídas profesionais do PD para a publicación na páxina web.

11. ANEXOS

No Anexo, Táboa II, todo o PDI debe ter asignada unha liña de investigación.

PD MEDICINA E SANIDADE VETERINARIA

Informe favorable condicionado.

12. Datos resultados ult. 5 anos (Apartado 8.3)

12.1. Faltan por cubrir as taxas

4. Asuntos de trámite

5. Rogos e Preguntas

Sen más asuntos que tratar levántase a sesións as 10:45 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: **EVA RODIL RODRIGUEZ**, NIF ***2074**, 28/05/2024 16:53:28.

Asinante/Firmante/Signer: **PABLO TABOADA ANTELO**, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/05/2024 14:57:11.

CSV: **6004-F967-4BDA-872E**